



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 23 de febreiro de 2017, sobre dedicacións exclusivas dos Deputados Provinciais, segundo se recolle literalmente:

"Visto o acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial, en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2015, referido á aprobación da proposta sobre concesión de dedicacións exclusivas aos membros da Corporación.

Resultando que dita proposta recolle, entre outros extremos, a concesión ao Grupo Provincial Socialista de dúas dedicacións exclusivas a repartir en dedicacións completas ou parciais segundo se considere.

*Por todo iso, de conformidade co disposto no art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, art. 34 e 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 225 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, esta Presidencia, a proposta do Grupo Provincial Socialista, **RESOLVE:***

1º.- Cesar no réxime de dedicación exclusiva á deputada provincial dona María del Pilar García Porto e no réxime de dedicación parcial ao deputado provincial don Miguel Ángel Sotuela Vega.

2º.- Que os deputados provinciais dona Sonsoles López Izquierdo e don Álvaro Santos Ramos, pasen a desempeñar os seus cargos co réxime de dedicación exclusiva, correspondentes ao Grupo Provincial Socialista.

3º.- As dedicacións exclusivas anteriormente sinaladas terán efectos desde a súa aceptación mediante sinatura da acta de comparecencia.

Os interesados deberán cumprir, no seu caso, as obrigas que le puideran corresponder en cumprimento do disposto no R.D. Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

Do presente Decreto darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre; e publicarse no Boletín Oficial da Provincia."

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a un de marzo de dous mil dezasete. **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde.- **O SECRETARIO**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0583

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 22 de febreiro de 2017, sobre cesamento e nomeamento de persoal eventual, segundo se recolle literalmente:

"Despois de ver que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2016, aprobou definitivamente o Orzamento para o ano 2016, así como o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e o artigo 205 da Lei 5/97, de administración local de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto Básico do Empregado Público.

*Á vista da proposta que consta no expediente, e en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, esta Presidencia **RESOLVE:***

1º.- Cesar a don Carlos Martín Montero, no desempeño das súas funcións como Auxiliar de Apoio, do cadro de persoal eventual con efectividade do día 22 de febreiro de 2017.

2º.- Nomear a don Carlos Martín Montero, como Administrativo de Apoio, con carácter de persoal eventual coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, para prestar as súas funcións á Área de Presidencia con efectividade do día 23 de febreiro de 2017.

O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súas funcións de confianza ou asesoramento."

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a un de marzo de dous mil dezasete. **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde.- **O SECRETARIO**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0584

Anuncio

A Presidencia da Excmá. Deputación Provincial de Lugo, con data vinte e tres de febreiro, ditou Resolucións de cese e nomeamento de Vicepresidente; cese e nomeamento de membros da Xunta de Goberno; e reestruturación de Áreas e delegación para as mesmas, e que textualmente din o seguinte:

"En virtude das facultades que me confire o art. 55 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación cos arts. 35.4 e 34.3, ambos da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e art. 104.2 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

- 1º.- Cesar como Vicepresidente desta Deputación Provincial ao deputado provincial D. Álvaro Santos Ramos.**
- 2º.- Nomear Vicepresidente desta Deputación Provincial ao deputado provincial D. Manuel Martínez Núñez.**

Os Vicepresidentes substituirán ó Presidente en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de cualquiera orde, por orde de nomeamento.

O presente Decreto terá aplicación desde o día da data, sen prexuício de dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación e da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia".

"En virtude das facultades que me confire o art. 58 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación co 35.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 104.4 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

1º.- Cesar como membros da Xunta de Goberno, ós seguintes deputados provinciais, nomeados por resolucións desta Presidencia de datas 26 de outubro de 2015 e 1 de xullo de 2016:

- D. Álvaro Santos Ramos
- D. Argelio Fernández Queipo
- D. Miguel Ángel Sotuela Vega
- D.^a M.^a del Pilar García Porto
- D. Lino Rodríguez Ónega
- D. Eduardo Vidal Baamonde
- D. Pablo Rivera Capón
- D.^a Mayra García Bermúdez

2º.- Nomear como membros da Xunta de Goberno, ós seguintes deputados provinciais:

- D. Manuel Martínez Núñez
- D.^a Sonsoles López Izquierdo
- D. Álvaro Santos Ramos
- D. Argelio Fernández Queipo
- D. Lino Rodríguez Ónega
- D. Eduardo Vidal Baamonde
- D. Pablo Rivera Capón
- D.^a Mayra García Bermúdez

O Presidente poderá delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta, de conformidade co disposto no art. 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 63.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

“De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excm. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO**:

1º.- Reestruturar as Áreas de Goberno desta Deputación, cesando as delegacións conferidas por resolución de un de xullo de dous mil dezaseis, e conferir delegación para as mesmas aos señores Deputados que a continuación se sinalan:

- **ÁREA DE XESTION TERRITORIAL.-** D. Manuel Martínez Núñez.
- **ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA.-** D.ª Mayra García Bermúdez
- **ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS E MEDIO AMBIENTE.-** D. Argelio Fernández Queipo
- **AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL (inclúe Emprego, Benestar, Igualdade e Promoción Económica).** D.ª. Sonsoles López Izquierdo.
- **ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES.-** D. Pablo Rivera Capón
- **AREA DE TURISMO E CULTURA.-** D. Eduardo Vidal Baamonde.
- **Subárea de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño e Educación.-** D.ª. M.ª. del Pilar García Porto.
- **ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR.-** D. Lino Rodríguez Ónega
- **ÁREA DE GOBERNO INTERIOR E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.-** D. Alvaro Santos Ramos.
- **Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación.-** D. Miguel Angel Sotuela Vega.

2º.- As delegacións xerais conferidas esténdense ás facultades de xestionar os servizos en xeral e en especial dirixilos e realizar propostas referentes á materia das áreas delegadas. Serán informados de todo aquilo que, aínda sendo competencia doutra Área, teña relación coa súa.

Así mesmo, todos os delegados participarán, sempre que sexa posible, en Comités e Consellos e demais organismos de xestión administrativa cando a competencia destes puidera ter relación ca Área á se refire a delegación.

O Presidente reservase expresamente as facultades de ditar actos administrativos resolutorios, solventando sen máis trámite calquera conflito que se puidera presentar nas delegacións.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público en cumprimento das disposicións vixentes.

Lugo, dous de marzo de dous mil dezasete.- **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde. **O SECRETARIO**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0594

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria extraordinaria do 16 de febreiro do 2017, adoptou o acordo de creación da sede electrónica e aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica do Concello de Baleira. De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, o expediente sométese a información pública polo prazo trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, o antedito acordo entenderase definitivamente adoptado.

Baleira, 21 de febreiro do 2017.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0585

LÁNCARA

Anuncio

De conformidade co decreto de 1 de marzo faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, no marco do "Colaboración asinado coa Excma. Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego "Programa Depuemprego":

- 4 peóns de servizos múltiples.
- 1 monitor de ocio e tempo libre

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na páxina web do Concello de Láncara na seguinte dirección www.concellodelancara.com e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 2 de marzo de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 0595

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 20 de febreiro do 2017, prestou aprobación por unanimidade ás bases para a provisión temporal ata a cobertura da praza en propiedade dun/ha enfermeiro/a para o I.M. de Drogodependencia co seguinte detalle:

"BASES PARA A SELECCIÓN COMA PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA ENFERMEIRO/A DO I. M. DE DROGODEPENDENCIA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

I-NORMAS XERAIS

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 4/1988, da Función Pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos a que R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se arriba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

II-OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a contratación dun/ dunha enfermeiro/a, como persoal laboral temporal, mediante o contrato que corresponda, para ocupar a praza de enfermeiro/a do I. M. de Drogodependencia do Concello de Monforte de Lemos que deixa vacante dona Dona Verónica Fernández Rodríguez ata a súa cobertura definitiva en propiedade polo proceso selectivo que corresponda de selo caso.

O proceso se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello de Monforte de Lemos, Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e BOLETÍN Oficial da Provincia de Lugo).

III-DURACION DO CONTRATO

A duración do contrato será dende a data que fixe o Alcalde-Presidente na resolución que autorice a contratación ata a cobertura definitiva da praza en propiedade polo proceso selectivo que corresponda de selo caso.

IV-RETRIBUCIONS

As retribucións serán as que se fixen nos orzamentos para o posto de enfermeira/o do I.M. de Drogodependencia do Concello de Monforte de Lemos en caso de ser o contrato xornada completa, minorándose en caso de ser a xornada menor proporcionalmente.

V-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír, no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ser español, ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola UE e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da UE.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.

c) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ós postos de traballo obxecto da convocatoria.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito será esixido ós nacionais dos demais estados membros da UE, no seu caso.

e) Estar en posesión do título de Diplomado/ a en enfermería, ou estar en condicións de obtelo na data de remate de presentación de instancias.

f) Ter ingresado na conta ES96 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por un importe de 22´02 €.

Os anteriores requisitos deberanse cumprir con referencia ó último día de prazo de presentación das solicitudes, e manterse durante todo o proceso selectivo. Será nulo o nomeamento como funcionario de carreira dun aspirante que estea incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

VI-SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o concurso oposición de acordo cos méritos, puntuacións e probas que a continuación se detallan:

VI.1.- Fase de concurso:

Na fase de concurso valoraranse os seguintes méritos presentados polos aspirantes:

A) Experiencia :

-Por ano de experiencia como enfermeira en unidade asistencial de drogodependencia de titularidade do sector público 0,50 puntos ou fracción equivalente, en caso de períodos inferiores.

-Por ano de experiencia como enfermeira en unidade asistencial de drogodependencia de titularidade privada 0,40 puntos ou fracción equivalente, en caso de períodos inferiores.

-Por ano de experiencia como enfermeira en administracións públicas 0,30 puntos ou fracción equivalente, en caso de períodos inferiores.

-Por cada ano de experiencia na empresa privada como enfermeira con 0,15 puntos ou fracción equivalente, en caso de períodos inferiores.

A puntuación máxima que se poderá acadar nesta fase será de 2 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito:

-Os Servizos prestados na Administración pública, mediante orixinal ou copia compulsada da certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflecta as tarefas desempeñadas e certificado de vida laboral.

No caso de que o aspirante teña prestado servizos neste Concello e desexe que se incorpore de oficio a este proceso selectivo concreto certificado dos servizos prestados por este conforme ás presentes bases debe indicar esta circunstancia no apartado reservado para iso na solicitude e indicar claramente os período/s e posto/s nos que prestou servizos. Noutro caso terá que solicitalo expresamente. De non cumprimentar a solicitude de expedición de oficio e tampouco solicitar o certificado de servizos prestados entenderase que o aspirante se opón a incorporación do certificado de servizos prestados por este ó expediente.

-Os Servizos prestados en empresas privadas, mediante presentación de orixinal ou copia compulsada do modelo oficial vida laboral aos que deberán acompañar, inescusablemente orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo debidamente rexistrados no SEPE.

Para a valoración de traballos en unidades asistenciais de drogodependencia esta circunstancia debe desprenderse claramente da documentación aportada.

En todo caso o aspirante deberá acreditar as funcións ou tarefas que desempeñaba.

B) FORMACIÓN.

Neste apartado non poderá acadarse unha puntuación superior a un punto.

- Cursos de Formación recibidos; que fosen impartidos ou homologados pola Administración ou Organismo Público correspondente, relativos ás materias da parte específica do programa.

- De 20 ata 49 horas, 0´25 por curso.
- De 50 a 99 horas 0,50 Puntos por Curso.
- De 100 ata 150 horas 0,50 Puntos por Curso.
- De mais de 150 horas 1 punto por curso.

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do diploma ou certificado de aproveitamento ou asistencia, debendo constar a duración e contido dos mesmos.

B) FASE DE OPOSICIÓN.

A) Exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de carácter teórico-practico, cunha puntuación máxima de 7 puntos, 3´5 para a parte teórica e 3´5 para a práctica, sendo necesario acadar un mínimo de 1´75 en cada unha das partes para poder superalo exercicio.

A parte teórica poderá consistir, a elección do tribunal cualificador, na resposta de preguntas tipo test con respostas alternativas ou no desenrolo por escrito de preguntas curtas ou temas, en todo caso relacionadas co temario adxunto tanto da parte xeral coma da específica. Será o tribunal quen determine o tipo de preguntas a realizar o seu contido, forma de puntuación e tempo máximo de realización.

A parte teórica referirase en todo caso a parte xeral e específica do temario.

A parte práctica consistirá no desenvolvemento por escrito dun caso práctico, durante un tempo máximo determinado polo tribunal cualificador, relacionado coa parte específica do temario das presentes bases que figura ó final das mesmas como anexo.

O tribunal pode optar por que este exercicio sexa lido ante o tribunal en sesión pública.

De levarse a cabo a lectura rematada a exposición do aspirante o tribunal poderá formularlle preguntas relacionadas co contido do mesmo.

Neste exercicio valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

B) Proba de galego: A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego - castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

En caso de empate ó final do Concurso - oposición establécense os seguintes criterios de desempate :

- 1º.- A persoa aspirante de maior puntuación no na fase de oposición.
- 2º.- A persoa con maior puntuación no apartado de experiencia profesional do concurso.
- 3º.- A persoa con maior puntuación no apartado de formación do concurso.

De persistir a igualdade e non resultar aplicable o previsto pola lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes procederase a desempatar mediante sorteo público.

VII-PRESENTACION DE SOLICITUDES

Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde -Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ó modelo que figura ó final destas bases (Anexo I).

A presentación das solicitude farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de procedemento Administrativo común, no prazo de vinte (20) días naturais dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude acompañarse inescusablemente de fotocopia do DNI en vigor, ou pasaporte do aspirante, dos documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a súa valoración na fase de concurso e xustificante de pago da taxa por dereitos de exame de acordo co establecido no punto VI destas bases.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a publicación, para que subsanen os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde - Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación. Igualmente se publicará no taboleiro do Concello as datas, lugar e resultados das probas que se realicen, así como todos os anuncios derivados da convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderá poñerse en contacto co teléfono 982 416540.

VIII-TRIBUNAL

O tribunal encargado de xulgar estas probas establecerase por Resolución da alcaldía e a súa composición publicárase a páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respetarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público 30/1992, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

IX.- LISTA DE RESERVA.

Todos os aspirantes que cumpran os requisitos das presentes bases, por orde de puntuación no resultado final do Concurso Oposición, incluíranse nunha lista de reserva por un período de tres anos, para cubrir as posibles vacantes temporais que no posto obxecto desta convocatoria que se poidan dar.

Quedando sen efecto a anterior lista de agarda/ reserva para substituír á Enfermeira Dona Verónica Fernández Rodríguez do I. M. de Drogodependencia do Concello de Monforte de Lemos, durante as vacantes temporais que se puideran dar aprobada por resolución da Alcaldía de data 29/06/2016.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza, trala tramitación do seguinte procedemento, ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

A medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada procederase da seguinte forma:

Os Servizos do Concello poranse en contacto telefónico co aspirante, seguindo rigorosamente a orde establecida na lista. No caso de que non se poida localizar a un aspirante de forma telefónica, intentarase por medio dun SMS e dun correo electrónico (de existir dirección), debendo o aspirante dar unha contestación no prazo máximo de setenta e dúas horas; sendo o aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adjudicada orixinariamente na lista de espera.

Se o aspirante rexeita a oferta de emprego, pasará ao final da lista, salvo que o interesado manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído da mesma.

O aspirante que integrado nunha lista de espera, sexa chamado para cubrir unha necesidade e alegue e xustifique a imposibilidade de incorporación efectiva por estar traballando, ou de baixa laboral, continuará na lista de espera na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non será activado na lista e chamado

para unha nova oferta ata que o propio aspirante comunique aos Servizos Centrais que esta dispoñible por haberse modificado a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. Destas incidencias deixarase constancia no expediente administrativo.

Se existise no momento do chamamento máis dunha vacante dispoñible que deba ser cuberta, estas deberanse ofertar aos aspirantes en función da orde de prelación que ostenten. O aspirante que sexa obxecto de nomeamento ou contratación, unha vez finalizada a súa prestación será colocado de novo na lista de espera na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente.

Cando un dos aspirantes incluído na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación, agás que renuncie expresamente á súa incorporación.

X-PERÍODO DE PROBA

Una vez iniciados os traballos, fíxase un período de proba de quince días para o traballador.

XI.-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase ó que decida o Tribunal por maioría de votos.

XII-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O aspirante proposto para o seu nomeamento, nun prazo de dous días naturais, contados a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI en vigor.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenvolvemento do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como, de non estar en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas

XII. - RECURSOS ADMINISTRATIVOS E XURÍDICOS:

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO
 NA DATA

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO E PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.

c) Estar en posesión do título académico de esixido na base cuarta do bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.

d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.

e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

f) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados.

(Asinado)

ANEXO II. TEMARIO

Parte Xeral

- 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Procedemento de reforma.
- 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: Contido. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- 4.- Organización municipal. Órganos e competencias. O Alcalde, O Pleno, a Xunta de Goberno Local e as comisións informativas.
- 5.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.
- 6.- O procedemento administrativo. Concepto e natureza. Fases do procedemento administrativo. Os recursos administrativos. Actos susceptibles de recursos.
- 7.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contratos menores. Contido e forma de contrato. Procedementos de adxudicación.
- 8.- A Administración Electrónica. Lei 11/2007. Dereitos da cidadanía. Dos rexistros, as comunicacións e notificacións electrónicas. Da xestión dos procedementos.
- 9.- O persoal ao servizo da Administración local. Instrumentos para a ordenación e organización do persoal. Clasificación do funcionariado local e as súas funcións. Adquisición e perda da condición de funcionario. O persoal laboral ao servizo da Administración local. O persoal eventual. Lexislación aplicable ó persoal laboral i estatutario. Dereitos e deberes dos funcionarios locais.

Parte específica.

1. Trastornos aditivos. Conceptos. Clasificación de sustancias. Epidemioloxía.
2. Plan Nacional Sobre Drogas. Plan de Trastornos Aditivos de Galicia.
3. Comunicación terapéutica. Counselling.
4. Educación para la Saúde. Técnicas. Prevención, promoción de hábitos de vida saudables.
5. Psicofarmacoloxía.
6. Valoración e cuidados de enfermería ó paciente con Trastorno por Uso de Sustancias (TUS): Opiáceos.
7. Valoración e cuidados de enfermería al paciente con TUS: Cocaína.
8. Valoración e cuidados de enfermería al paciente con TUS: Cannabis.
9. Valoración e cuidados de enfermería al paciente con Trastorno por Uso de Alcohol.
10. Valoración e cuidados de enfermería al paciente fumador. Abordaxe individual e de grupo.
11. Valoración e cuidados de enfermería al paciente con Patoloxía dual.
12. Valoración e cuidados de enfermería ó paciente con enfermidades infecciosas: VIH, Hepatite, Tuberculose.”

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días naturais** a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Monforte de Lemos, a 20 de febreiro do 2017.- O ALCALDE, José Tomé Roca

R. 0586

MONTERROSO

Anuncio

Decreto.- Monterroso, 27 de febreiro de 2017

No proceso selectivo convocado para a selección de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Monterroso convocada por este Concello, logo do anuncio publicado no BOE de 14 de abril de 2014, en cumprimento do disposto na base quinta das bases de selección publicadas no BOP de Lugo de 29 de abril de 2010 (corrección de erros de 19 de agosto de 2010)

Aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos por decreto de 31 xullo de 2014, publicado no BOP de 14 de agosto de 2014, e rematado o prazo sin que se presentasen reclamacións ou emenda de solicitudes á lista provisional de admitidos e excluídos,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes ADMITIDOS/AS no proceso de selección de Auxiliares de axuda no fogar do Concello de Monterroso:

Nome e apelidos

1.º) Josefa López Currás	33.853.174-A
2.º) Isabel Fente Ferreiro	33.321.534-P
3.º) Rosa Mª Besteiro Fernández	33.340.338-K
4.º) Alba Iravedra Fernández	33.543.646-B
5.º) Mª Carmen Vázquez Varela	14.245.018-Z
6.º) Elva Busto Sánchez	33.305.727-W
7.º) Mónica Paredes Mejuto	32.886.062-H
8.º) Pilar Salgado Rouco	76.564.288-W
9.º) Mª Jesús Vázquez Rojo	33.321.240-J
10.º) Mª Josefa Lombardero Fernández	33.307.535-Q
11.º) Mª Esther García Soengas	33.318.856-K
12.º) Mercedes López Moure	76.619.616-S
13.º) Mª Pilar García Moreiras	33.320.158-N
14.º) Marisol Sarandeses Regueiro	44.089.287-N
15.º) Mª Luz Castro Viña	76.564.840-W

Segundo.- Aprobar a lista provisional de aspirantes EXCLUÍDOS/AS

Nome	DNI	Motivo
1.º) María Jesús Buján Varela	33.548.139-V	1
2.º) Victoria Gómez Noguerol	33.549.281-D	1
3.º) Mª Teresa Sánchez González	33.297.392-Q	1
4.º) Mónica Varela Mella	44.827.414-T	1

(1) Non posuír a titulación esixida na convocatoria.

Terceiro.- Nomear o Tribunal cualificador para a selección do persoal que se cita, e que estará constituído polos membros que se relacionan a continuación:

Presidenta: Mª Pilar Fernández Moure, traballadora social do Concello de Monterroso.

Suplente: Belén González Sastre, traballadora social do Concello de Carballedo.

Secretario/a:

Froilán Pallín Seco, secretario do Concello de Monterroso.

Suplente: Blanca Mª Vázquez Enríquez, tesoureira do Concello de Monterroso.

Vogais:

Primeiro.- Dolores Rodríguez Gómez, Traballadora social do Concello de Taboada.

Suplente: Jesús Ildfonso García López, traballador social do Concello de Chantada.

Segundo.- Ana Bermúdez Prado, traballadora social do Concello de Palas de Rei.

Suplente, Eva Mariño Vázquez, orientadora laboral do Concello de Palas de Rei.

Terceiro.- Mª Luisa Armesto Rodríguez, traballadora social do Concello de Pol.

Suplente, Magali Viña Santos, traballadora social do Concello de Portomarín.

Cuarto.- Convocar ó Tribunal para o vindeiro día 19 de abril de 2017, ás 9:30 horas na Casa do Concello, para proceder a constitución do Tribunal e elaboración do primeiro exercicio.

Quinto.- Convocar en único chamamento ós/ás aspirantes admitidos/as para que comparezan o vindeiro día 19 de abril ás 10:00 horas no espazo cultural Lorenzo Varela, ós efectos de realización do primeiro exercicio que consistirá en un cuestionario tipo test de 15 preguntas con respostas alternativas relacionada coa parte común do programa establecido nas bases.

Sexto.- Publicar a presente resolución no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello, ós efectos oportunos.

Mándao e asinao o señor alcalde do que eu, secretari dou fe.

Monterroso, 27 de marzo de 2017.- O alcalde, Miguel Rico Gómez. O Secretario, Froilán Pallín Seco

R. 0605

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en consontes co disposto no artigo 106 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, anuncio que, con data de 21 de febreiro de 2017, mediante acordo da Alcaldía aprobouse inicialmente o documento de reparcelación do Plan Parcial de Parcela Industrial en Matela, tamén denominado "Inoxidables de Rábade".

Consecuentemente, sométese o proxecto a un período de información pública de un mes, a contar dende a publicación do presente anuncio, a fin de que calquer persoa poida presentar as alegacións que estime convintes na defensa dos seus intereses.

En Outeiro de Rei; O Alcalde

R. 0587

RIBADEO

Anuncio

RESOLUCION DA ALCALDIA.-

As Bases para provisión dunha praza de funcionario, Ordenanza da Casa do Concello, foron aprobadas por Resolución desta Alcaldía de 16 de febreiro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 23/02/2017.

Nas mesmas produciuse erro no senso que se sinala:

Na base 6, apartado b) requisitos específicos, sinalábase

b) Específicos.

b.1 Posuí-la titulación seguinte: Graduado Escolar ou equivalente.

b.2 Estar en posesión da titulación de lingua galega seguinte: Celga 3 ou equivalente. Este requisito será, no seu caso, substituído pola realización dun exercicio de idioma galego.

b.3 Permisos de conducir da clase B1

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a, no seu caso.

Cando debería dicir:

b) Específicos.

b.1 Posuír a titulación seguinte: Estudos primarios ou equivalente.

b.2 Permisos de conducir da clase B1

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a, no seu caso.

Na base 10. Exercicios, sinalábase:

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego ou á inversa dun texto proposto polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 15 minutos, e sen axuda de diccionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 3 ou superior que se valorará con 1 punto.**

Cando debería dicir:

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego ou á inversa dun texto proposto polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 15 minutos, e sen axuda de diccionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1, equivalente ou superior, que se valorará con 1 punto.**

Considerando, que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, das Administracións Públicas, sinala que as Administracións públicas poderán asimesmo rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto todo o anterior, esta Alcaldía,

RESOLVE: A corrección dos erros detectados na Resolución de referencia segundo se indicou, quedando en consecuencia do seguinte xeito:

Base 6. Requisitos.-

b) Específicos.

b.1 Posuir a titulación seguinte: Estudos primarios ou equivalente.

b.2 Permiso de conducir da clase B1

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a, no seu caso.

Base 10. exercicios.-

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na traducción directa do castelán ao galego ou á inversa dun texto proposto polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 15 minutos, e sen axuda de diccionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1, equivalente ou superior, que se valorará con 1 punto.**

Ribadeo a 24 de febreiro de 2017.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO XERAL, JOSÉ A. CARRO ASOREY

R. 0588

RIBAS DE SIL

Anuncio

De conformidade cos artigos 112 da lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 19.01.2017, adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de 2017, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública.

Faise público que o Orzamento ascende en gastos a contía de 764.509,63 €, e no estado de Ingresos a contía de 916.679,30 €, correspondendo a cada **capítulo** as cantidades que a continuación se expresan:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	401.809,63
2	Gastos correntes en bens e servizos	295.140,00
3	Gastos financeiros	3.300,00
4	Transferencias correntes	24.660,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	39.600,00
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----

SUMA TOTAL GASTOS: 764.509,63 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
OPERACIÓN CORRENTES		
1	Impostos directos	384.260,33
2	Impostos indirectos	15.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	102.500,00
4	Transferencias correntes	413.318,97
5	Ingresos patrimoniais	1.600,00
OPERACIÓN DE CAPITAL		
6	Enaxenación de inversións reais	-----
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----

SUMA TOTAL INGRESOS: 916.679,30 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobar a plantilla desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

PLANTILLA DE PERSOAL PARA O ANO 2014				
A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
	Nº prazas	Grupo	C.D.	Situación
Secretario - Interventor	1	A1	26/28	Propiedade
Administrativo	1	C1	22	Vacante
Auxiliar administrativo	1	C2	14	Propiedade
Oficial servizos especiais	1	C2	14	Propiedade
B) PERSOAL LABORAL FIXO				
Denominación	Nº prazas	Situación		
Oficial 1ª encargado	1	Fixo		Propiedade
C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL				
Denominación	Nº prazas	Características		
Técnico Local de emprego	1	Temporal	Xornada completa	
Traballadora Social	1	Temporal	Xornada completa	
Aux. SAF Libre concorrencia (ano)	6	Temporal	(5 xornada completa e 1 xornada)	
Animadoras socioculturais 2 meses	3	Temporal	Xornada completa	
Peóns serv. Varios	2	Temporal	Xornada completa	
Peón limpeza	1	Temporal	Xornada completa	
Oficial 1ª condutor	1	Temporal	Xornada completa	
Oficial 1ª construción	1	Temporal	Xornada completa	
Profesor de música (10 meses)	1	Temporal	Tempo parcial	

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso - administrativa.

Ribas de Sil, 27.02.2017.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega.

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/21180.

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Comunidad de Regantes de Paleira.

Nombre del río o corriente: Fuente Paleira.

Caudal solicitado: 1,13 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 42 del polígono 104 (Alence).

Término Municipal y Provincia: As Nogais (Lugo).

Destino: Riego de 10 parcelas.

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Captación, conducción y distribución de las aguas mediante presas de riego.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de As Nogais**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 15 de febrero de 2017.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 0535

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/26891

Alicia Díaz Ansede, con domicilio en Ares nº 1- Villares, Guitiriz (Lugo), solicita la concesión de un caudal de 0,109 l/s de agua procedente de un pozo, sito en la parcela catastral 134 del polígono 178, en el lugar de Os Ares, parroquia de Os Vilares, T.M. de Guitiriz (Lugo) para usos ganaderos.

La captación se realiza en un pozo de 55 m de profundidad y 20 cm de diámetro. Para la extracción se utiliza una bomba de 2 CV. Desde la bomba parte una tubería de polietileno de 32 mm enterrada a 80 cm por la que circulan las aguas hasta las zonas a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Guitiriz**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 23 de febrero de 2017.- **EL JEFE DE SERVICIO,** Manuel Rodríguez López

R. 0590

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/26900

Nemesio Fernández Fernández, con domicilio en CL\ Pintor Sotomayor, 6-8 3º A, 15570 Naron (A Coruña), solicita la concesión de un caudal de 0,00066 l/s de agua procedente de una fuente sita en la parcela catastral 118 del polígono 9, en el lugar de O Cabradoiro, parroquia de San Simón da Costa, T.M. de Vilalba (Lugo) para usos domésticos.

La captación se realiza en una fuente en la que se coloca una tubería de 45 mm de diámetro que conduce las aguas hasta un depósito de 80 litros, desde el que son conducidas a otro de de 150 l. De este último parte otra tubería de 25 mm de diámetro que recorre un tramo de 85 m hasta la vivienda a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Vilalba**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 23 de febrero de 2017.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0591
